



CIRCULAR INFORMATIVA 23/05/2017

Estimadas familias:

A Orde do 16 de maio de 2017 da Consellería de Cultura, Educación e O.U. (DOG 22/05/2017) regula o fondo solidario de libros e a axuda para adquirir libros e mercar material escolar para o próximo curso 2017/18.

- **Fondo de** libros de texto para o alumnado de 3º, 4º, 5º e 6º de Educación Primaria asignados por orde inversa á renda per cápita de 2015 ata agotar existencias.
- **Axudas para adquirir libros de texto** para o alumnado de 1º e 2º de Educación Primaria, non superando os límites de renda per cápita do 2015 (ata 5.400€ ou 9.000€).
- **Axudas para adquirir material** escolar para o alumnado de 1º, 2º, 3º, 4º, 5º e 6º de Educación Primaria non superando a renda per cápita de 5.400€.
- Requisitos para acollerse a esta convocatoria:
 - Ter unha renda per cápita familiar igual ou inferior a 9.000€. (Casillas 380+395 da Renda de 2015 e dividida entre o número de membros da unidade familiar).
 - Ter devolto, EN BO ESTADO, os libros de texto de 3º, 4º, 5º e 6º EP recibidos do fondo solidario no curso actual 2016/17. Devolveranse os libros polas familias os últimos días de clase, a partir do 19 de xuño.
- **Documentación:**
 - Modelo ED330B (facilítase copia na secretaría ou pódese descargar desde o portal educativo). Solicitud única por familia cos alumnos/as matriculados.
 - Orixinal e copia completa do libro de familia ou outra documentación que xustifique a unidade familiar (volante de convivencia).
 - De denegar a consulta, certificado de minusvalía, resolución de incapacidade ou documentación de pensionista.
 - No caso de violencia de xénero, documentación acreditativa.
- **Prazo de presentación de solicitudes:** ata o día 23 de xuño de 2017.
- Contía das axudas: figura da 3ª folla da solicitude.
- **Obriga dos beneficiarios:** conservar os libros en bo estado e incorporalos, ao rematar o curso 2017/18, ao fondo solidario do centro.
- **Entrega dos libros do fondo:** inicio do curso 2017/18.
- **Entrega dos vales:** Entregaranse tan asiña como a aplicación o permita.
- **Poden presentar solicitude no centro o alumnado que esté cursando 5 anos, 1º, 2º, 3º, 4º e 5º. Os alumnos/as de 6º presentará no IES no que estea admitido.**

Un saúdo

A DIRECCIÓN